


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

7 – 8 de febreiro do 2026

V SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1* *Que ledos hoxe estamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Ás veces soamente nos damos conta das cousas importantes cando carecemos delas. Que sería de nós sen a luz?, canta tristura habería na nosa vida se estivéramos cegos?

Por iso hoxe Xesús nos di que os crentes temos que ser luz, e non unha luz calquera, senón a luz do mundo. E ser luz leva consigo facer obras que mostren a presenza de Deus no medio de nós.

Somos luz cando estamos atentos ás necesidades dos demais, cando damos unha man a quen a precisa, cando alentamos aos tristes, cando estamos dispostos a acompañar aos sos e anciáns.

Ser luz é mostrar coas nosas obras o amor de Deus aos seus fillos máis necesitados. Ser luz é aprender a compartir a fe e a vida, como nós agora en comunidade.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Mirando agora para a nosa vida dámonos conta de que non somos sal e luz, e os nosos feitos non corresponden á nosa fe e ao noso compromiso cristián. Por isto mesmo agora queremos pedir perdón*

Monitor/a

✓ Queremos ser luz para os demais, pero ás veces a nosa vida faise dende as aparencias e dende o quedar ben. Señor amósanos a túa Luz

✓ Queremos ser luz para os demais, pero ás veces non estamos dispostos a dar unha man e somos demasiado cómodos. Cristo amósanos a túa luz

✓ Queremos ser luz para os demais, pero ás veces enchemos a fe de palabras e rutinas e quedáanos baleira nos feitos. Señor amósanos a túa Luz

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós e dos que teñen un lugar na nosa vida. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á compartir a felicidade da vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe agradecendo todas as vidas que son un bo exemplo para nós.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, Pai que nos amas, Ti que nos convocas á misión de construír o teu reino na terra, fainos ter a túa palabra coma luz e norte das nosas vidas, e a túa vontade coma sal que dá sabor á felicidade.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A palabra de Deus amósanos cales son os pasos que o Señor espera de nós.*

Compartir, acoller, respectar, non acusar inxustamente, ... é a mellor maneira de ser luz na escuridade. Escoitámolo agora ao ler o libro do profeta Isaías.

No Leccionario I— A páx 189 Is 58, 7-10 LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

Di o Señor:

Non é acaso bo camiño repartir o teu pan co famento e acoller na túa casa os pobres sen pobo?

Cando vexas o espido, vísteo e non te escondas da túa propia carne. Entón resplandecerá a túa luz coma a alba e a carne nova da túa ferida brotará logo.

Si, a túa xustiza camiñará diante de ti e a gloria do Señor pechará a marcha. Entón clamarás ao Señor e responderache, pediraslle axuda e dirache: "Aquí estou". Se apartas do medio de ti o xugo, o sinalar co dedo e a palabra mala, se lle quitas ao famento a gana que ti sentes, e fartas a gorxa aflixida, entón a túa luz brillará na escuridade e a túa tebra será coma o mediodía.

Palabra do Señor

🎵 n° 50 Na tardiña baixa da vida SALMO

Celebrante *O evanxeo que agora imos escoitar é unha chamada a non conformarnos deixando que todo siga como está. É un berro, o noso, para amosar que a vida se fai viva cando a enchemos de feitos, cando non nos deixamos levar, cando temos á beira a alguén que nos dá luz e cando somos sal para os que están á nosa beira. A vida non é rutina, a vida é para desfrutala, é para saboreala.*

(en pé) No Lecc I A páx 191 Mt 5, 13-16 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

Vós sodes o sal da terra. Pero se o sal se volve insulso, con que se vai salgar? Para nada vale xa, senón para tirar con el e que o pise a xente.

Vós sodes a luz do mundo. Non se pode agachar unha cidade afincada na cima dun monte. Tampouco se acende unha lámpada para poñela debaixo da artesa, senón sobre o candeeiro, para que alume a todos os da casa. Alume así a vosa luz a todo o mundo, para que, vendo as vosas boas obras, glorifiquen a voso Pai que está nos Ceos.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Di Xesús: Vós sodes o sal da terra

Nós sabemos que a vida perde sabor cando a enchemos de rutina, cando vivimos dende as aparencias, cando nos deixamos levar polo que dirán.

Con Xesús somos convidados a vivir a vida con ilusión, a vivila con esperanza, e entón a nosa vida terá sentido, e mellor sentido terá a vida dos demais.

Dinos Xesús: Vós sodes o sal da terra



Di Xesús: Vós sodes a luz do mundo

Nós sabemos que na vida necesitamos a luz dos demais para facer ben o camiño. Ao longo da nosa historia tivemos a luz dos parentes, a luz dos amigos, a luz dos veciños, e ao final da vida contamos coa luz das persoas ás que nós lle fomos dando un bo exemplo.

Na fe, Xesús conta con nós para sermos luz, pois o noso mundo moitas veces escurece.

Ao noso mundo chegan as sombras do individualismo e apágase o ser comunidade, ao noso mundo chegan as sombras do competir e apágase o compartir, ao noso mundo chegan as sombras da violencia e apágase a paz.

Dinos hoxe Xesús: Vós sodes a luz do mundo

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, despois de escoitar a Palabra de Deus, queremos responder á chamada de Xesús para ser sal e luz sendo as súas testemuñas nesta terra de Os Cotos na que vivimos. Dicimos:

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Creemos en Deus, no Deus que é Pai e Nai,
que a súa imaxe e semellanza,
nos convida a desfrutar da vida sen enchernos de rutinas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que nos convida a ser luz e sal
para que a vida non sexa aburrida e cómoda?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos no Espírito Santo,
que nos alenta para sermos a luz que alumea
no camiño de facer vivo e crible o evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos na Igrexa,
comunidade que vive nos feitos as palabras de Xesús,
sendo luz para un mundo mellor?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oramos a Deus que nos chama a ser luz e sal para construír o seu Reino neste noso mundo.*

Dicimos: **Señor, conta con nós**

Monitor/a:

✓ *Cristo invítanos a ser sal, nós pedimos polos homes e mulleres que non topan sabor á vida, e viven sen ilusión, oremos*

✓ *Cristo invítanos a ser luz, nós pedimos polos homes e mulleres que camiñan nas tebras, e non atopan sentido ás súas vidas, oremos*

✓ *Cristo invítanos a ser sal, nós pedimos para que a nosa presenza no medio da sociedade revele o sabor a Deus das realidades terreas, oremos*

✓ *Cristo invítanos a ser luz, nós pedimos para que non ceguemos aos nosos irmáns e irmás con palabras e doutrinas que deslumbran máis que iluminan, oremos*

✓ *Cristo invítanos a por sal, luz, e dignidade na vida dos refuxiados, das violencias, das desigualdades. Oremos*

Celebrante: *Pai bo, Ti queres que as nosas vidas sexan luz e sal para todas as persoas coas que tratamos, para que acercándose a Ti poidan ser felices de verdade xa neste mundo. Que así sexamos da man de Cristo noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Oremos coa pregaría que Xesús nos aprendeu pedindo que non nos deixe caer na tentación de crernos os mellores, e recemos no gozo de saber que somos luz humilde que marca o camiño do Reino. Recemos dicindo o aprendido en Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de seguir as pegadas de Xesús, demostrándoo cos feitos da nosa vida.*

Desexamos agora o mellor para os demais, queremos que se sintan con ilusión e esperanza, para xuntos ser a luz do evanxeo na nosa terra. Fagámolo compartindo un xesto de paz.

🎵 **nº 38 Que medre a paz na nosa terra**

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartir arredor desta mesa de parroquia é anticipar a nosa participación na mesa do Reino. Somos comunidade portadora da luz que quere dar vida dando unha man a quen a necesita.*

Ditosos nós por ser invitados a compartir coma comunidade este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 42** *Quen nos vai separar de Ti?*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Grazas, Señor Noso Pai,
porque confías en nós;
nas nosas mans para o traballo de cada día;
nos nosos pés para que outros se apoiem en nós,
e xuntos poidamos facer o camiño;
nos nosos ollos para desfrutar das belezaas desta terra;
nos nosos corazóns para querer a todas as persoas;
na nosa vida para facer realidade o xeito de Xesús.
Grazas Pai por todas as persoas
que viven facendo realidade as benaventuranzas,
e que son luz e sal na nosa comunidade.

Grazas por Xesucristo, noso Señor. Amén

Xesús dinos que somos sal e luz.

Que as nosas obras mostren de verdade que queremos dar vida a estas súas palabras.

El confía en que así o fagamos con todas as persoas que precisan da nosa axuda e compañía.



**FAGÁMOLO BEN,
VAIAMOS DA MAN
DE XESÚS
E SEXAMOS
SAL E LUZ
DANDO
BO EXEMPLO**

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

Rematamos cantando

🎵 **nº56** *Ide e pregoades a Nova de Deus*